

# PARA UNHA CRÓNICA DA RESISTENCIA

Camilo Nogueira Román  
Enxeñeiro Industrial e Economista

*“...os anceios mariñeiros de Galiza”*

**Resumo:** A partir da consideración de Madrid por Valentín Paz-Andrade como unha cidade construída no século XVI polo favor político desde a nada e nunha ubicación arbitraria, o texto presente considera a negación polo poder estatal do carácter institucional e cultural de Galiza, así como da súa experiencia marítima e comercial e da privilexiada situación fronte ao Atlántico que a define, relacionando esta realidade coa análise da resistencia durante cinco séculos da sociedade galega fronte á marxinação, mantendo a súa personalidade diferenciada e construíndo polo seu propio esforzo unha estrutura económica e social avanzada e aberta ao mundo.

**Abstract:** Building on Valentín Paz-Andrade’s view about Madrid as a city created out of nowhere by political decisions during the sixteenth century, this paper reflects on the negation of the cultural and institutional personality of Galiza by the Spanish State. It also takes into account the country’s advantageous situation facing the Atlantic Ocean as well as Galician experiences in trade and seafaring, and relates all these facts with the keeping of a Galician identity against its social exclusion all along five centuries and with the making of a social and economic structure which is advanced and opened to the world.

**Palabras chave:** Deslumbrante, arbitraria, estímulo, parasito, resistencia, negación, independencia, absolutismo, poboación, emigración, capacidade, emancipación, mundo.

**Key words:** Dazzling, arbitrary, incentive, parasite, resistance, negation, independence, absolutism, population, migration, capability, emancipation, world.

## DESLUMBRANTE APOTEOSE

No remate do seu libro sobre a marxinação de Galiza, para desvelar a “paisaxe histórico-social” peninsular que condicionou o devir da súa sociedade, Valentín Paz-Andrade ocupouse de Madrid. Estimando que a orixe das cidades adoita estar ligada a unha situación favorecida pola natureza, relacionou a postergación galega coa forma en que se estruturou o Estado español, en especial coa evolución desa vila, un caso á parte e extremo que demostraría que na motivación e o sustento do auxe das cidades os factores políticos poden xogar unha función tanto ou máis decisiva que os económicos. Definindo a vila “como afillada do sector público, favorita do poder político, clave dun sistema administrativo, froito da polarización financeira e engrenaxe de tensións e distorsións propagadas”, para explicar o seu papel no presente remontouse a cando foi elixida por Felipe II, “sacando da nada unha capital imperial, separada centos e centos de quilómetros dos mares xa enteiramente descubertos”. Concluíu en que “ningunha cidade chegou a máis con menos factores potenciais de crecemento”.

Encerrado par da vila, no Escorial, a decisión deste Habsburgo, non caía de seu. O seu pai, Carlos V, absorbido polo afán de conservar os estados do seu patrimonio baixo a idea da monarquía católica universal, estivo máis fóra que dentro da Península, percorrendo os Países Baixos, onde se criara, os territorios do Imperio Romano Xermánico ou a Península. Felipe foi mesmo, en vida do emperador, gobernador dos Países Baixos, rei de Nápoles e rei de Inglaterra e Gales polo seu matrimonio coa raíña Mary Tudor.

Na liña da teoría das cidades-mundo de Fernand Braudel<sup>1</sup> o pensador galego referiuse a casos como os de Venecia, Manchester, Amberes ou Lisboa, nos que o crecemento como cidades centrais se debeu ao carácter da natureza que as amparou e á súa dimensión produtiva e comercial. A reflexión coincidiría coa de autores como Richard Mackenney, que na obra acerca da expansión e o conflito na Europa do século XVI comparou as circunstancias de Madrid coas de Londres, esclarecendo como, nunha decisión arbitraria, Felipe II levou a Corte a unha vila que durante o seu reinado pasou de 30.000 a 65.000 habitantes, devindo nunha capital improdutivo na que os luxosos servizos da Corte contrastaban coa pobreza da poboación; unha cidade que “consumindo sen producir, e con periódicas apropiacións de todo o trigo, o viño e o pan nun radio de 50 millas constituía a ruína doutros centros”. Pola contra, Londres constituía un centro e tiña un dinamismo produtivo e comercial moi poderoso. Como capital de Inglaterra era un lugar no que se cruzaban a vida política e a económica; “non era un parasito senón un estímulo”.

1 Braudel, Fernand (1992): *A dinámica do capitalismo*. Lisboa: Editorial Teorema.

Paz-Andrade, con Galiza como un país onde “o complexo da terra e do mar chegou á súa deslumbrante apoteose” e como parte fundamental do espazo que desde “Estaca de Bares á Punta de Sagres constitúe a plataforma de Europa mellor emprazada para a estratexia industrial a pór en práctica a través dos océanos”, sentenciou que por causa da marxinação, Galiza deveu na contrafigura de Madrid.

Apenas o teimudo esforzo da xente, vivas aínda as feridas demográficas da negación, fixo posíbel que, resistindo a súa personalidade social e cultural, constituía hoxe unha sociedade avanzada. Con estas coordenadas, o que segue pretende acompañalo na rota emprendida.

## DESDE O MOMENTO EN QUE MUDABA O MUNDO

### A NEGACIÓN DO REINO

Cando entre o fin do século XV e o principio do XVI foi sometido, o Reino de Galiza perdeu unha oportunidade histórica de constituírse como unha entidade política independente, como xa fora entre os séculos V e XIII, e mesmo de compartir unha institución estatal que integrar os seus intereses e o seu carácter histórico. Na Baixa Idade Media mantivera aínda a súa personalidade como reino e as clases dirixentes galegas participaron de forma saliente nos avatares dos reinos peninsulares centro-occidentais, incluído Portugal. En ocasións dos séculos XIV e XV xurdira mesmo a posibilidade de a coroa galega recuperar a independencia. Apenas sobre 1400, nas circunstancias da Guerra dos Cen Anos e do Cisma de Occidente, a metrópole de Santiago abranguíu dioceses como Lisboa, Évora, Idanha e Lamego, ademais de Zamora, Salamanca, Ávila, Cidade Rodrigo, Coria, Plasencia, Badaxoz e Astorga, en tanto que as dioceses de Tui, Ourense, Mondoñedo e Lugo pertencían á metrópole galaico-portuguesa de Braga.

No tempo en que o Reino foi dominado, en Europa producíanse grandes transformacións, xermolando as precondicións materiais e intelectuais para o nacemento das institucións políticas do Estado moderno. Arredándose do carácter de patrimonio dos reis, as monarquías absolutistas de dereito divino independizábanse da soberanía universal do Papado. O Estado comezaba a configurarse como institución en si mesma. Os movementos económicos ligados ás viaxes a ultramar provocaban a transferencia da hexemonía do Mediterráneo ao Atlántico.

O paso de Galiza a formar parte dunha monarquía absolutista non se produciu mediante unha evolución interna como era debido dada a tradición institucional e a dimensión territorial, social e cultural que a caracterizaba, senón co sometemento da nobreza e as institucións eclesiásticas polos Reis Católicos despois de usurpares os dereitos da lexítima raíña Xoana, casada na altura con Afonso V de Portugal, todos eles de ascendencia Trastámara. Aqueles monarcas non integraron o Reino nun Estado moderno. Nin sequera foi incluído nunha entidade estatal

de ámbito peninsular, senón nun conglomerado de reinos e entidades europeas gobernadas polos Habsburgo con pretensións de monarquía católica universal. A negación chegou até o punto de consideralo como unha parte de Castela: nesta hora perviven, incluso en textos académicos expresións como “la frontera del Miño entre Castilla y Portugal”; “el puerto castellano de La Coruña” ou “las diócesis castellanas de Mondoñedo, Lugo, Orense y Tuy”.

Os reis Trastámara e despois os Habsburgo e os Borbón reduciron as clases dirixentes e impuxeron as institucións da Audiencia e do Gobernador-Capitán Xeneral, ostentadas por alleos durante séculos. O sistema de dominio incluíu unha Xunta do Reino subordinada, con competencias de alcance menor. A nobreza foi arredada das institucións da monarquía en territorio galego e empregada nas institucións da Corte. As principais institucións eclesiásticas pasaron asemade a ser dominadas por estraños. Porén, afondando na ruindade da dominación, o poder madrileño aseguroulles os señoríos que, abranguendo a práctica totalidade do territorio, chuchaban a través dos foros a riqueza traballada polo campesiñado. Durante séculos, nobreza e Igrexa tiveron como referencia política, social e lingüístico-cultural a unha monarquía absolutista que negaba a personalidade e os intereses do país.

#### A ABSORCIÓN DAS CLASES DIRIXENTES POLA CORTE

A transcendencia do sucedido evidénciase ao ver que entre as vinte Casas Grandes do reinado de Carlos V se encontraban as galegas de orixe dos Lemos, Osorio, Trastámara, Pimentel ou Zúñiga, salientando tamén a presenza na Corte dos Ulloa, Fonseca, Azevedo, Vilafranca ou Priego. Membros da nobreza galega<sup>2</sup> gobernaron en dominios principais da monarquía, desde Cataluña, Valencia e Navarra, a Nápoles, Flandres, Milán, Sardeña e Sicilia e nos vicerreinados americanos de Nova España, Perú, Nova Granada e Río da Prata e mesmo, cando foron dominadas, nas Indias portuguesas. Ocuparon igualmente funcións de presidentes das principais institucións do poder: o Consello Real, o Consello Supremo das Indias, o Consello de Italia e outros organismos da Corte, unha realidade que estendida durante a Idade Moderna, con outros protagonistas se mantería no período contemporáneo. Dispondo dun poder eclesiástico e xurisdiccional de excepción o goberno da metrópole de Santiago de Compostela, integrando dioceses que desde Galiza chegaban a Badaxoz e Ávila, percorrendo a fronteira con Portugal, era posto en mans de non galegos, un hábito que non desaparecería nin sequera nos dous últimos séculos. De facto, dos 54 arcebispos habidos desde o reinado dos Reis Católicos até o presente, tan só 11 foron galegos ou de

2 González López, Emilio (1981): *La Galicia de los Austrias*. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza.

ascendencia próxima a Galiza. Os mosteiros do país caeron en congregacións centralizadas en Castela.

Despois de a Galiza serlle arrebatada a autonomía que aínda lle restaba, cando a Reforma modificaba as actitudes éticas, orientando as doutrinas cara ao racionalismo, nun movemento que acabaría pondo en causa o absolutismo e o sistema económico e social do Antigo Réxime baseado no privilexio e a servidume, o comportamento das monarquías foi diverso e contradictorio. Se experiencias como as da Gran Bretaña e Holanda poden servir de paradigma para esclarecer a relación entre as revolucións económicas dos séculos XVI-XVII e a construción do Estado moderno, os Habsburgo puxeron a economía peninsular e os recursos procedentes de América ao dispor das súas loitas en Europa para conservar o seu patrimonio dinástico. Utilizaban a rapina dos metais preciosos de alén mar para o sustento do exército en Flandres, Italia ou Centroeuropa<sup>3</sup>. De facto o mantemento dos exércitos dos monarcas contribuía á prosperidade e á expansión económica deses territorios.

Os reis reprimiron as contestacións e as transformacións políticas, filosóficas, científicas, económicas e relixiosas que noutros Estados trouxeron a queda do absolutismo. Abrigaron un sistema dogmático e autoritario que explica a grave carencia de pensamento transformador na Península, incorporando moi serodiamente elementos institucionais do Estado moderno<sup>4</sup>. Entre tanto, reflectindo as circunstancias do seu tempo e de cadanseu Estado, os filósofos políticos europeos, de Grotius a Locke ou Montesquieu, vivían o que acontecía, participando directamente nos problemas e conflitos dos seus países, creando categorías universais sobre cuestións que tanto determinarían o futuro, como o dereito á autodeterminación individual e colectiva ou a soberanía popular<sup>5</sup>.

#### A PERMANENCIA DO RÉXIME SEÑORIAL

Nunha situación empeorada pola existencia da fronteira portuguesa e polo abandono das comunicacións terrestres co resto da Península, cando as decisións da Corte eran determinantes nas oportunidades de desenvolvemento económico de Galiza, o réxime señorial, a dependencia política e as dificultades estratéxicas fillas dos conflitos externos dos Habsburgo e os Borbón atrancaron o desenvolvemento da agricultura, a produción de manufacturas, a expansión comercial e o crecemento das actividades urbanas, pexando a emerxencia dunha burguesía

3 Cipolla, Carlo M. (1996): *Conquistadores, pirati, mercatanti: la saga dell'argento spagnolo*. Bologna: Il Mulino.

4 Skinner, Quentin (1979): *The Foundation of the modern political thought*. v. I: *The Renaissance*. Cambridge: University Press.

5 Dhoquois, Guy (1991): *Histoire de la pensée historique*. Paris: Armand Colin.

comercial e industrial e de novas clases traballadoras. A sociedade foi esquilhada polas levas militares para servir nas guerras e aventuras exteriores da monarquía.

No Antigo Réxime, cunha estrutura social marcada polo dominio da nobreza laica e das institucións eclesiásticas, era o clero o que máis dispuña a través dos señoríos e do sistema foral. Os excedentes agrarios non tiveron unha aplicación modernizadora, senón suntuaria e de sustento das clases dominantes, quer en Galiza, quer na Corte. Tal estado de cousas duraría até a abolición dos señoríos en 1811, sen que a desamortización que se levaría a cabo nos anos trinta desa centuria for favorábel aos campesiños. A Igrexa era a principal perceptora do excedente agrario, recibindo dous terzos das rendas forais e os décimos pagados polos campesiños. Acumulando unha parte que non debía baixar da metade das rendas agrarias, dispuña “dunha enorme prevalencia territorial”. Non obstante, pode que a nobreza fora “a que maiores ingresos e riqueza agraria conseguiu ao longo do Antigo Réxime”. A fidalguía intermediaria, capa social beneficiada pola “concesión de foros eclesiásticos nos séculos XVI e XVII, estaba afincada no campo e no reparto das rendas agrarias”<sup>6</sup>, de maneira que máis dun terzo dos ingresos de orixe agraria que producía Galiza irían parar ás súas mans. Os fidalgos censados, que chegaban a “case once mil a mediados do século XVIII”, tiñan “cadansúa aldea ou parroquia, na que exercían unha influencia principal”<sup>7</sup>. Tendo recibido dos mosteiros e das institucións eclesiásticas extensas cartas forais, cedían as terras aos labregos “en condicións de estabilidade e longa duración”, por tres ou máis xeracións, “baixo formas xenéricas de subforo, acollemento de foro ou foro de subforo”, a cambio do pago dunha renda “que en xeral duplicaba a contía da renda orixinaria”.

#### A FORTALEZA DO CAMPESIÑADO

Durante o Antigo Réxime, os campesiños afirmáronse como clase social. Formando a maioría da sociedade, até o punto de supor o 80% dos habitantes a finais do século XVIII, se ben é certo que vivían nun estado de relativa pobreza, deberon dispor dun certo nivel económico, pois como coida Ramón Villares, o crecemento demográfico non podería producirse nunha situación na que a maioría padecese condicións de vida miserentas. Estiveron ademais no centro dos conflitos sociais pola terra. A tradición da loita antiseñorial para afirmarse na titularidade de terra, realizada polo regular de forma colectiva, foi unha constante en toda a época moderna”. O recurso á xustiza a ese respecto foi especialmente

6 Saavedra Fernández, Pegerto (1991): “Los comienzos de la Edad Moderna”, en Ramón Villares (dir.), *Historia de Galicia*. Vigo: Faro de Vigo.

7 Villares, Ramón (1991): “Hidalgos y campesinos”, en Ramón Villares (dir.), *Historia de Galicia*. Vigo: Faro de Vigo.

eficaz na batalla legal ante a Audiencia de Galiza contra os despozos intentados polos foreiros que “conmocionou a toda a sociedade galega de mediados do século XVIII”, que deu lugar en 1763 a unha provisión real ordenando á Audiencia a suspendelos e non permitilos<sup>8</sup>. A favor deles estaban “o clero regular”, o clero dos mosteiros e unha parte da alta nobreza” e en contra, querendo o seu carácter perpetuo e a “renovación forzosa dos mesmos a favor dos seus levadores”, estaban “a fidalguía intermediaria, unha parte do clero secular, incluíndo o arcebispo compostelán, e sen dúbida o campesiñado”. A batalla legal, rompeu o consenso de fins do século XV e do XVI e XVII, que establecera “a hexemonía territorial da Igrexa e a súa alianza coa fidalguía”. Nos longos séculos de dominio castelaniante da monarquía, a Igrexa e a nobreza, a permanencia do galego como lingua propia constituíu un signo principal da autonomía e a milagrosa resistencia cultural do campesiñado<sup>9</sup>.

No mundo rural pesou tamén o carácter xurídico dos montes definidos como “devesas reais”. Sometida a súa explotación polos veciños a unha xurisdición dependente do *Consejo de Guerra* e das *Juntas de la Armada*, a madeira das devesas non podía “entrar na libre circulación económica”, estando á “disposición do rei e das necesidades navais e militares do seu goberno”. A Mariña arrasou uns tres millóns de arbores no curso do século XVIII e contribuíu a destruír miles de hectáreas de bosques nas provinciais do norte da Península. En Galiza, separadas das xurisdicións ordinarias, as devesas reais “ocupaban gran parte do territorio”. Os veciños eran obrigados a plantar nelas “carballos e outras especies”, tendo unicamente dereito ás sobras cando se facían cortas. Emilio González laiouse desta realidade sinalando que ademais de contribuír á monarquía Habsburgo con “homes que serviron no seu Exército e a súa Mariña”, Galiza fixoo “coas súas carballeiras, inmoladas no altar das construcións navais españolas”, impedindo que servisen como unha das “fontes que enriquecesen a súa economía”.

### AS ROTAS MARÍTIMAS IMPEDIDAS

Os conflitos das monarquías Habsburgo e Borbón foron letais para o uso do espazo marítimo que fora centro vital de Galiza durante a Idade Media e pexaron o comercio galego con América, prexudicando gravemente as capacidades produtivas do país<sup>10</sup>. Seguindo a Elisa Ferreira<sup>11</sup>, con Santiago e os mercadores da cidade

8 Villares, Ramón e X. L. Díaz-Castroverde (1997): *O conflito foral nos séculos XVII e XVIII*. v. I. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia. Ourense: Caixa Ourense.

9 Villares, Ramón (1984): *A historia*. Vigo: Editorial Galaxia.

10 Braudel, Fernand et. al. (1987): *Braudel e a historia: Chatevaullon: jornadas Fernand Braudel 18, 19 e 29 de Outubro de 1985*. Lisboa: Teorema.

11 Ferreira Priegue, Elisa (1991): “Las rutas del comercio medieval”, en Villares Ramón Villares (dir.), *Historia de Galicia*. Vigo: Faro de Vigo.

dominando o comercio marítimo, Galiza fora o primeiro país peninsular atlántico en “animarse a entrar nos circuitos económicos” do Medioevo, nunha realidade fundada nas peregrinacións dos séculos IX e X, continuando nos séculos seguintes con transportistas frisóns e gascóns que comerciaban en téxtiles e viños. Entre os séculos XII e XIV desenvólvese unha “fase de comercio activo” e “unha frota propia”, traballando os mercadores desde os portos de “Ribadeo, Viveiro, Betanzos, A Coruña, Santa Marta de Ortigueira, Cedeira, Ferrol, Noia, Padrón, Pontevedra, Baiona, A Guarda ou Tui”. Nos séculos XIV e XV os portos de “A Coruña, Pontevedra, Noia e Muros” practicaban un “tráfico internacional de longo alcance”. Nese período consolidáronse “dúas grandes correntes de exportación”, “primeiro con Inglaterra e Flandres e despois cos bretóns e os biscaíños”. A exportación de viño, salgadura e peixe, trouxo “un rápido incremento da frota galega”. No mesmo período existiu un transporte comercial con Flandres, Inglaterra, Bretaña, Normandía, Gascaña, Poitou e a fachada atlántica peninsular de Portugal e Andalucía. Os navíos galegos traballaron desde finais do século XIV e comezo do XVI “cos distintos reinos da Coroa de Aragón, Xénova, Florencia e, ocasionalmente Venecia”, así como co “grupo de mercadores de Sevilla e Lisboa que operaban con Xénova e Inglaterra” e aínda cos “flamengos e ingleses que tiñan relacións co Sur”. As rotas cubrían extensamente o Mediterráneo occidental, incluído o litoral norteafricano e de xeito moi esporádico atinxían “Venecia, Alexandría, Beirut e portos bizantinos”. No século XV A Coruña era o porto internacional por excelencia, dispoñendo da frota galega máis forte.

Fontes portuguesas confirman a importancia deste comercio marítimo e a ligazón existente entre Galiza e Portugal durante a Idade Media. Tratando da relación entre Portugal e a Hansa, no Báltico, Oliveira Marques refírese aos portos galegos, a propósito das relacións nas circunstancias das Cruzadas, entre os anos 1096 e 1270, e das peregrinacións a Compostela de normandos, frisóns, alemáns ou flamengos. Fala das cidades hanseáticas –“Lübeck, Hamburgo, Bremen, Rostock, Stralsund, Greifswald, Stettin, Thorn, Danzig e Riga”<sup>12</sup>– que como froito das viaxes a Galiza tiñan igrexas adicadas a Santiago. En pleno século XV chegaban peregrinos de Rostock, Lübeck ou Danzig. “A fama de Compostela alcanzava toda Europa, destacando especialmente as peregrinações de mareantes na Baixa Idade Media”. No século XV os navíos galegos “concorriam cos bascos no servizo de transportes no Atlântico e no Mediterráneo”, encontrando dificultades nos períodos de guerra, en particular na Guerra dos Cen Anos, estendida entre os séculos XIV e XV. A tradición marítima galego-portuguesa sería asumida por

12 Marques, A. H. de Oliveira (1993): *Hansa e Portugal na Idade Media*. Lisboa: Editorial Presença.



Portugal na asombrosa e decisiva expansión que protagonizou no albor da modernidade<sup>13</sup>. “O alén Miño cumpriu os anxeiros mariñeiros de Galiza”<sup>14</sup>.

Esa realidade foi posta en causa a partir século XVI. No comezo do século o comercio resultou entorpecido polas guerras dos Habsburgo cos Valois, con corsos franceses atacando as costas galegas aliados cos turcos e en xeral polo decaemento das relacións exteriores, supondo un duro revés para a vida mercantil da Coruña, relegada ao papel de base da Armada, influíndo tamén a Real Provisión de 1529 que obrigou a traballar con América desde Sevilla<sup>15</sup>. Porén permaneceu o tráfico comercial con portos da Península e doutras partes de Europa. Comercíábanse segundo os casos peixe salgado, bacallau, viño ou laranxas, limóns, para diversificar despois a importación con outras mercadorías. Para Pontevedra viña de moi atrás a importancia da concentración e exportación de viño do Ribeiro, mesmo a Bretaña, Irlanda e Inglaterra. Os vascos chegaban con instrumentos de ferro: armas, coitelaría, cerrallaría, cravazón e ferraxes, e levaban viño e sardiñas.

Nesta circunstancia, cegado o camiño atlántico polo enfrontamento con Francia e Inglaterra, Galiza ficou fóra da “grande arteria do Imperio dos Habsburgo” a través de Italia cara a Flandres<sup>16</sup>. Estando na mesma monarquía, impediuse a comunicación galega cos Países Baixos<sup>17</sup>. Comunicábanse con esas terras polo Mediterráneo, na liña Barcelona, Xénova, Milán, Alpes, Rin. Durante o reinado de Carlos V, a longa fase de confrontos con Francia esmagou o comercio das vilas galegas coas francesas do Atlántico. Durante o período de guerra entre 1542 e 1544, ademais de padecer os obstáculos ao comercio, o país viuse obrigado a contribucións económicas e persoais, para reunir, xunto con outros territorios peninsulares do golfo de Biscaia, unha frota que se enfrontou en Fisterra a unha armada francesa. Os ataques galos intensificaríanse en 1550-1551, reinando Henrique II, o sucesor de Francisco I, o contrincante do emperador.

Se coa descuberta do continente americano, o comercio co Báltico e o Mediterráneo, que ocupara aos navegantes galegos, fora substituído polo atlántico cara a América, despois dun auxe económico na onda da política de apertura comercial de Carlos V negociando en panos ou exportando viño do Ribeiro, padeceuse a política proteccionista de Felipe II. Centralizando en 1573 o comercio

13 Ferro, Gaetano (1989): *As navegações portuguesas no Atlântico e no Índico*. Lisboa: Teorema. Rodrigues, Jorge Nascimento e Tessaleno Devezas (2007): *Pioneers of Globalization: Why the Portuguese surprised the World*. Famação: Centro Atlántico.

14 Castelao (1961): *Sempre en Galiza*. Buenos Aires: Edición “As Burgas”.

15 Eiras Roel, Antonio (coord.) (2000): *El reino de Galicia en la época del emperador Carlos V*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia.

16 Wedgwood, C. V (1991): *La Guerra dei Trent'anni*. Milano: Arnaldo Mondadori Editore.

17 Berenguer, Jean (1997): *A History of the Habsburg Empire, 1273-1700*. New York: Longman Group UK Limited.

ultramarino en Sevilla, xunto con Cádiz, “privou aos portos do Norte”, entre eles os de Galiza, dos beneficios dese intercambio. Frustrouse mesmo a creación dunha Casa de Contratación na Coruña para iso pensada no comezo do reinado de Carlos V<sup>18</sup>. Felipe II deu paso á etapa de decadencia do século XVII<sup>19</sup>. Baiona e sobre todo A Coruña, que “con Ferrol como unha dependencia pasou a ser a primeira base naval e militar do Norte”, “comezaron a converterse en dúas prazas fortificadas”.

Co segundo Habsburgo o correo entre os distintos territorios da monarquía non comunicaba o norte de Europa coa Península “a través de Francia ou por mar de Flandres a Galiza”<sup>20</sup>, senón por camiños indirectos a través de Italia. Ruiz Almansa salienta as consecuencias que tivo para as poboacións da costa galega o desastre da Armada Invencíbel, cando “a piratería se fixo dona do Atlántico, a navegación de altura, e aínda a cabotaxe e a pesca, resultaban cada vez máis perigosas, minorándose até case extinguirse e as mesmas cidades e vilas da costa foron obxecto das agresións piráticas ou das derivadas da guerra marítima”<sup>21</sup>. Aínda con Felipe III a prioridade era a de asegurar a rota italiana e alpina<sup>22</sup>. As dificultades na comunicación por mar continuarían despois cos Borbón, aliados coa súa familia francesa e enfrontados coa Gran Bretaña<sup>23</sup>. A sociedade galega perdera a oportunidade histórica de incrementar o comercio co Norte de Europa e, até ben entrado o século XVIII, con América.

#### A ANULACIÓN DUNHA SÓLIDA URDIME INDUSTRIAL

Na segunda metade do século XVIII o país estivo na cabeza da produción pesqueira, herdando unha tradición de séculos na utilización de artes tradicionais, nun momento en que a pesca colectiva, realizada principalmente mediante a parcería marítima, estaba suxeita aínda a gravames feudais como “o décimo de mar cobrado pola Igrexa, dereitos señoriais de natureza varia e a porción correspondente ao gremio”. A sardiña tiña como principal destino a Portugal, enviándose por mar a Santander e o País Vasco. A actividade pesqueira era obxecto dunha diferenciación social entre os mariñeiros e os propietarios das embarcacións. Formando unha “especie de protoburguesía litoral”, os segundos dominaban os cargos de responsabilidade nos gremios de mareantes, sendo normalmente os donos

18 Saavedra Álvarez, María del Carmen (1996): *Galicia en el Camino de Flandres. Actividad militar, economía y sociedad en la España Noratlántica, 1556-1648*. Sada: Edicións do Castro.

19 Martínez Barreiro, Enrique (1981): *La Coruña y el comercio colonial gallego en el siglo XVIII*. Sada: Edicións do Castro.

20 Wedgwood, C. V. (1991): *Op. Cit.*

21 González López, Emilio (1981). *Op. Cit.*

22 Saavedra Álvarez, María del Carmen (1996): *Op. Cit.*

23 Bottineau, Yves (1993): *Les Bourbons d'Espagne (1700-1808)*. Paris: Fayard.

dos barcos de transporte a Portugal e ao resto da Península, así como das adegas ou loxes de salga. Xosé Ramón Quintana<sup>24</sup> data a entrada de cataláns no negocio da salga na década de 1740, iniciando un proceso potenciado polo comercio coa economía levantina en expansión. No medio do século XVIII os negociantes cataláns constituíriáanse en novos actores, achegando técnicas de pesca e mercados que contribuirían a alterar a estrutura da industria e da pesca. A pesca de baixura, e en concreto a da sardiña, á que maiormente se dedicaban os mariñeiros, exportada a toda a Península, víase obstaculizada polo mal estado das estradas e as innúmeras alfándegas sementadas ao longo do camiño. Uníanse estes problemas ás prohibicións que desde o goberno de Felipe II afectaban ao comercio cos inimigos europeos. Nunha información xeral solicitada por ese monarca en 1571, Santiago desbullaba as prohibicións que soportaba para a importación de mercadorías “procedentes de Flandres, Inglaterra e Francia”, enumerándose tamén as que sufrían as importacións e exportacións a Portugal. Tamén Pontevedra o fixo ver dos obstáculos no tráfico de mercadorías con Portugal, “que en tanta abundancia chegaban antes”. Os atrancos afectaban ademais internamente ao tráfico entre portos de Galiza<sup>25</sup>.

Se nos países europeos o proceso de industrialización se producira na segunda parte do século XVIII, foi en 1778 cando aconteceu o quebrantamento do monopolio andaluz do comercio con América e a liberalización do tráfico entre varios portos peninsulares e daquel continente<sup>26</sup>. Ramón Villares escribiu que daquela había unha diversidade industrial que debeu servir de base para o desenvolvemento económico do XIX. O comercio galego con América alentaría a partir de 1764 co establecemento na Coruña dos “correos marítimos” entre a Península e o vicerreinado de Nueva España, México, alargado despois ao vicerreinado de Perú. En 1785 constituíuse na Coruña o Real Consulado de Comercio, como órgano colexiado empresarial para defensa dos intereses profesionais, xurdindo distintas sociedades mercantís, como as de seguros, as comerciais, ou as de crédito<sup>27</sup>.

No medio do século XVIII asistíriase a un alargamento da produción destinada á comercialización por causa do crecemento demográfico<sup>28</sup>, que minguou a produción agraria por persoa e obrigou a incrementar as actividades complementarias, como a produción de tecidos de liño e de salgás, encamiñados a mercados

24 Quintana Garrido, Xosé Ramón (1991): “Las industrias rurales”, en Ramón Villares (dir.), *Historia de Galicia*. Vigo: Faro de Vigo.

25 González López, Emilio (1981): *Op. Cit.*

26 Vicens Vives, Jaume (1968): *Aproximación a la historia de España*. Barcelona: Editorial Vicens Vives.

27 Villares, Ramón (1984): *A historia*. Vigo: Editorial Galaxia.

28 Alonso Álvarez, Luís (1991): “Comercio y burguesía”, en Ramón Villares (dir.), *Historia de Galicia*. Vigo: Faro de Vigo.

extragalegos, tanto peninsulares como americanos. De acordo con Luís Alonso Álvarez no comercio utilizábanse igualmente bens importados previamente de América, como “metais preciosos, coloniais e coiros do Río da Plata” ou azucre, con destinado ás prazas do Cantábrico e Portugal e, despois do conflito arancelario de 1772-1774 co país veciño, tamén a Valencia e Cataluña, con retornos que á súa vez eran principalmente reexportados a América. A respecto do comercio no XVIII, a economía galega non tiña un carácter simplemente autárquico<sup>29</sup>, habendo “un comercio interior ben amostrado no desenvolvemento das feiras e mercados de radio local”. De resultas configurouse unha certa burguesía comercial e un capital mercantil, mais non até o punto de substituír aos “homes de negocios” que a pé do campesiñado mantiñan prácticas de cobros de décimos e dereitos señoriais, hipotecarias e crediticias, estando de costas das actividades comerciais.

A Galiza da fin do Antigo Réxime tiña unha densidade de poboación das máis altas de Europa, reflectindo unha realidade que dificilmente concorda coas consideracións tópicas sobre o seu atraso económico. De tal maneira, para Joám Carmona, pagaría a pena a realización dun estudo que desde a fin da Idade Media abranguese as idades moderna e contemporánea. O feito de a agricultura galega estar “estancada técnica e socialmente” non significa que o conxunto do mundo rural e mariñeiro carecera de dinamismo. As actividades protoindustriais tiñan unha grande importancia, elaborando produtos que as familias vendían basicamente no exterior. Unha “boa parte da poboación rural galega” estaba ocupada parcialmente na produción téxtil, chegando Galiza a ser “a maior produtora de téxtiles de liño de toda España”. As causas concretas da carencia das “bases para unha ulterior industrialización moderna” centrábanse en disfuncións relativas ás técnicas utilizadas e ao proceso de comercialización, sen dispor de mercados maioristas e de capital mercantil autóctono que deran acumulado capital e reaccionasen fronte ás mudanzas tecnolóxicas e de materias primas que ocorrían en Europa para introducilas na produción. Destruíronse así posibilidades de consolidación dunha estrutura industrial nacente. Só a fins do século XVIII, en “comerciantes articulados en torno ao Real Consulado da Coruña, e grazas ao apoio da nobreza e da fidalguía que nel se asenta, se rexistran algúns intentos de instalación de establecementos de acabado e branqueo”. Mais, xuntándose coa “primeira crise do comercio colonial coruñés”, coa carestía da materia prima e a “crecente competencia dos algodóns ingleses”, eses intentos chegarían demasiado tarde. O país perdeu a súa parte do mercado americano, retrocedendo no peninsular, “sen que as tecelás e os pequenos tratantes puideran facer nada

29 Villares, Ramón (1984): *A historia*. Vigo: Editorial Galaxia.

por evitalo”. Cando unha parte saliente da poboación rural galega se ocupaba parcialmente na fabricación de liño, coa introdución do algodón, contra o que pasou en Cataluña, carecíase de institucións políticas responsábeis e dunha burguesía comercializadora e organizadora das innovacións precisas para evitar a desaparición da industria téxtil<sup>30</sup>.

Galiza tiña unha estrutura social capaz de adaptarse ás novas realidades económicas. Afirmando que non era un deserto manufactureiro, Xoán Carmona e Jordi Nadal lembran que o ministro de Carlos III, Pedro Rodríguez de Campomanes, chegou a propor como modelo a produción galega do liño, considerando que “aínda que pareza máis brillante o comercio de Cataluña e máis lucroso, como o é en efecto en certas vilas e fabricantes daquel Principado, é máis xeral e benéfica a estrutura de Galiza, e moito máis sólida e duradeira”<sup>31</sup>.

### AS REIVINDICACIÓNS DOS ILUSTRADOS

Os ventos da Ilustración trouxeron manifestacións críticas sobre os problemas económicos e sociais que padecía a sociedade galega. Cos ilustrados galegos, que formaban parte da intelixencia política e intelectual que traería a Revolución Francesa, principiou unha recuperación da consciencia de Galiza como entidade diferenciada, alumeando elementos políticos ou doutrinarios que se incorporarían ao pensamento galeguista do século XIX. Foron quen de achegar descrições da economía do país que presentaban solucións acaídas de desenvolvemento. Rexistraron os desastrosos efectos económicos causados nas poboacións costeiras polos conflitos bélicos da monarquía e demandaron a eliminación dos obstáculos xurídico-administrativos que tollían o desenvolvemento, aparecendo demandas sobre a supresión das servidumes feudais coa pretensión de unir a propiedade ao traballo da terra e o parcelamento dos terreos incultos. Describiron a pobreza industrial e económica, mais confiaban nos recursos naturais e humanos do país. Reclamaron a liberalización do mercado exterior, procurando as vantaxes comparativas, mesmo coa introdución do liño do Báltico para desenvolver a industria lenceira cando as denuncias polo seu mal estado eran partilladas por todos. Reivindicaron asemade o desenvolvemento e a mellora da comercialización dos produtos gandeiros e pesqueiros e de bens industriais como os téxtiles, os curtidos e o calzado. Non faltaron tampouco afirmacións da identidade do Reino de Galiza e das relacións con Portugal, salientando os movementos comerciais ou migratorios que se producían co alén Miño.

30 Carmona Badía, Xan (1990): *El atraso industrial de Galicia. Auge y liquidación de las manufacturas textiles (1750-1900)*. Barcelona: Ariel.

31 Carmona Badía, Xan e Jordi Nadal Oller (2005): *El Empeño Industrial de Galicia. 250 años de historia. 1750-2000*. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza.

Após a Revolución Francesa, o enfrontamento coa Gran Bretaña a causa da alianza dos Borbón peninsulares coa Francia de Napoleón e os esforzos debidos á guerra posterior contra a invasión das tropas francesas e máis tarde os efectos das guerras de emancipación das colonias americanas, tiveron para Galiza unha repercusión económica negativa. En 1808, como consecuencia da invasión polas tropas do Bonaparte, encárouse unha grave crise. Aínda así, “o feito de que a principios de 1809, cando todo o territorio español estaba en mans da administración francesa, Galiza fose o único territorio liberado fixo que acudisen á Coruña –revalorizando o seu papel de praza comercial peninsular– desde todas as partes” da Península decenas de comerciantes preocupados pola “interrupción forzosa de moitos dos seus negocios a causa da guerra e da ocupación”<sup>32</sup>.

## ENTRE A MARXINACIÓN E A RESISTENCIA: A LONGA EMERXENCIA CONTEMPORÁNEA

A INEXISTENCIA DE INSTITUCIÓNS POLÍTICAS E CÍVICAS QUE MIRASEN POLO SEU PAÍS  
Durante a Idade Moderna, cando a potenciación de administracións centralizadas mudaba a localización do poder político, favorecendo “a expansión da economía mundial e o crecemento da poboación” e dando entrada a novas formas de “organización empresarial e financeira”<sup>33</sup>, a sociedade galega vírase privada de instrumentos institucionais que posibilitaran as transformacións económicas e comerciais precisas.

Porén, no principio da Idade Contemporánea a poboación e a densidade demográfica tiñan un peso especial na monarquía e o país dispuña de capacidades que fundamentaren unha transformación modernizadora da economía tradicional. O país non carecía de condicións para integrarse plenamente no proceso de industrialización que se producira en Europa desde a segunda parte do século XVIII<sup>34</sup>. A perda relativa desa oportunidade non tivo por causa eivas obxectivas, senón medidas políticas instrumentadas polo poder central, sistematicamente contrarias ás necesidades dun desenvolvemento propio.

Pervivía a estrutura institucional e social do Antigo Réxime, mais non era un país pobre destinado a ficar fóra do desenvolvemento económico do continente<sup>35</sup>. Gardaba unha identidade histórica e lingüística e as condicións sociais e materiais precisas para ser obxecto dunha evolución semellante á doutros que participaron nas primeiras fases da Revolución Industrial, mais non dispuña de

32 Alonso Álvarez, Luís (1991): *Op. Cit.*

33 Deane, Phyllis (1993): *El estado y el sistema económico*. Barcelona: Crítica.

34 Carmona Badía, Xan e Jordi Nadal Oller (2005): *Op. Cit.*

35 Barreiro Fernández, Xosé Ramón (1981): *Historia de Galicia*. v. IV. *Edade Contemporánea*. Vigo: Editorial Galaxia.

institucións políticas ou cívicas que conxugasen os seus intereses coa defensa da cultura e da economía do país.

A acción nacionalista emprendida por singulares personalidades desde os anos corenta do XIX foi tanto máis dificultosa canto que se produciu nun contexto en que, como ocorrera desde finais do século XV e principios do XVI, dirixentes galegos ocupaban na Corte responsabilidades políticas principais, mesmo como presidentes do Goberno, ao servizo dun Estado que non recoñecía a personalidade do seu país de orixe nin representaba os seus intereses. No mesmo sentido, a poderosa metrópole de Santiago de Compostela seguía ocupada por bispos alleos a Galiza, ligados á coroa absolutista.

O galeguismo non puido erguerse co apoio de institucións representativas relixiosas, nobiliarias ou sociais que pretendesen o autogoberno ou que gozasen como tales dun contrato político coa monarquía que en circunstancias favorábeis puiden derivar na emancipación. Daquela tampouco contou co apoio de clases burguesas e traballadoras emerxentes con peso no país. Aferrollado o país por unha monarquía en conflito, o proxecto nacional galego tiña en fronte non só as forzas absolutistas senón tamén a forzas políticas liberais que non puñan basicamente en causa ás institucións monárquicas existentes, pretendendo todas elas un Estado negador da diversidade. Tal herdanza non foi quen de vencer a diferenza cultural e social do país, mais explica o porqué do carácter do primeiro nacionalismo galego como un movemento intelectual, provocando o aprazamento até o século XX da posibilidade de manifestarse a través de organizacións políticas con larga presenza social.

Todo iso axuda a comprender as diferenzas entre a cuestión nacional galega e outras de Europa. Así, Cataluña<sup>36</sup> tivo institucións políticas autónomas até o século XVIII e, aínda que perdidas, as autoridades eclesiásticas rexeitaron a pretensión da monarquía Borbón de eliminar o uso da lingua catalá. En Polonia, unha Igrexa nacional mantivo a idea da unidade cando o seu territorio estaba repartido entre Prusia e os imperios tsarista e austrohúngaro. Finlandia representa un paradigma alternativo ao galego. A pesar de ter dependido de Suecia durante sete séculos antes de 1809 e de ser subsumida no Imperio ruso durante as guerras napoleónicas, o feito de conservar a institución do Gran Ducado resultou decisivo na manifestación dunha vontade política nacional que favoreceu a independencia en 1917. A lingua finesa, propia da inmensa maioría das persoas, ficara reducida á condición de minoritaria en Helsinqui, sendo falada apenas polo 10% da poboación da capital fronte ao sueco alí maioritario. Agora viraron as tornas, o finés é falado pola práctica totalidade da poboación da capital. O sueco é moi

36 Vilar, Pierre (1978): *Cataluña en la España moderna*. Barcelona: Crítica.

minoritario, aínda que ten tamén a condición de lingua oficial. A experiencia galega garda semellanzas coa de Escocia, que paradoxalmente –como ocorreu na sucesión de Afonso IX no século XIII– perdeu a liberdade cando o rei estuado Xacobo I tamén asumiu por herdanza o reino de Inglaterra e Gales. Durante os séculos da integración na Gran Bretaña, e mesmo recentemente, como pasou en Madrid con Galiza, foron escoceses moitos dos dirixentes estatais en Londres, en tanto que Escocia era postergada. O alcance da cuestión nacional galega ten, naturalmente, a ver coa evolución económica, social e cultural do país, nas circunstancias peninsulares, europeas e mesmo mundiais.

### O ESFORZO DA SOCIEDADE

Nese contexto, cando nunha primeira fase (1750-1840) do proceso industrializador en Europa a Gran Bretaña ocupaba o lugar central coa produción téxtil como arrastre principal da economía e dispoño co algodón dunha materia prima que permitía unha mellor mecanización e produtividade, a saliente industria artesanal galega, fundamentada principalmente no traballo rural doméstico e no tecido do liño, non recibiu os impulsos institucionais, tecnolóxicos e comerciais que precisaba<sup>37</sup>. Non pasou así en Cataluña, onde a industria algodoeira, apoiada “unha serie de mecanismos de extensión-intensificación dos seus mercados”, acabaría “por desprazar definitivamente do mercado peninsular a unha secular tradición téxtil galega, como era a produción de tecidos como os denominados “viveiros, coruñas ou ponteareas”<sup>38</sup>. Galiza sería especialmente preterida nunha segunda fase da industrialización (1840-1870) que baseada no camiño de ferro uniu territorios e economías e propiciou o desenvolvemento da produción de aceiro ou da enxeñaría. Tampouco puido compartillar a terceira vaga industrializadora que se estendeu entre o final do XIX e 1918 a partir dos intercambios comerciais internacionais, das producións químicas e eléctricas –que se concentraron noutras zonas do Estado español–, e da nacente industria do automóbil, practicamente inexistente na Península<sup>39</sup>. O fracaso da industria téxtil, como pasou despois da experiencia de Sargadelos<sup>40</sup> na produción de ferro que constituía outro sector punta da primeira revolución industrial, deixou ao país sen alternativa fabril nun período crucial. Con independencia de industrias do Estado como o Arsenal de Ferrol ou a Fábrica de Tabacos na Coruña, durante o século XIX apenas restaban

37 Artiaga Rego, Aurora e Xesús L. Balboa López (1991): “La agricultura del siglo XI”, en Ramón Villares (dir.), *Historia de Galicia*. Vigo: Faro de Vigo.

38 Carmona Badía, Xan (1990): *Op. Cit.*

39 Trebilcock, Clive (1996): “The Industrialization of Modern Europe, 1750-1914”, en T.C.W. Blanning (ed.), *The Oxford History of Modern Europe*. Oxford: University Press.

40 Quintana, Xosé Ramón (1991): “Industria y Ferrocarril (S. XIX)”, en Ramón Villares (dir.), *Historia de Galicia*. Vigo: Faro de Vigo.



determinadas industrias artesanais. Tamén non tiveron continuidade experiencias singulares como a fábrica de vidro da Coruña ou os establecementos de produción de papel<sup>41</sup>.

Rematando o século dezaioito e principiando o dezanove, os intensivos cultivos en traballo do millo e da pataca posibilitaron, paradoxalmente, a permanencia da estrutura social tradicional, asentada nos foros e no sistema de herdanza. Porén, chegados aos anos trinta do século XIX, a desamortización das terras de propiedade eclesiástica foi feita pola monarquía española con criterios pensados para as terras extensivas do interior e do sur da Península. No concernente a Galiza, sen ter como norte o desenvolvemento da agricultura e mellora das condicións de vida da poboación, aos campesiños non se lles outorgou o dominio directo da terra que as familias cultivaran durante séculos. Tal medida viña decidida co propósito de reducir a crise financeira da monarquía, principalmente causada pola independencia das colonias americanas, e de emprender a construción da rede ferroviaria. Falto do apoio do Estado, o campesiñado galego veríase obrigado a un esforzo heroico de décadas para conseguir a propiedade das súas terras, nunha epeopea que marcaría a vida política e social galega.

A comercialización dunha parte da produción agraria materializárase nos anos corenta do XIX coa exportación do viño e do gando, coincidindo coa expansión da industria e do comercio internacional. Ademais da exportación de bovinos a países da Península, incluído Portugal, “o fenómeno característico deste período foi a apertura do mercado inglés”, provocando unha exportación crecente desde A Coruña, Vigo ou Carril, que se sumou á dirixida ás colonias americanas. A que tiña como destino Inglaterra desaparecería practicamente arredor de 1892.

O país fora preterido no impulso que recibiu o camiño de ferro a partir da década 1855-1865. Non foi máis que en 1875 cando se estableceron as liñas de unión da Coruña e de Vigo coa meseta, e aínda así esas dúas cidades, e con elas Santiago, permaneceron isoladas entre si. A ponte internacional de unión con Portugal a través de Tui e Valença demorárase até 1886. A ligazón por vía férrea de Vigo e A Coruña non chegaría máis que en 1943, cando xa pasara a metade do século XX, e a Póvoa de Sanabria-Ourense-Santiago chegou en data tan tardía como 1957. Se as carencias agrarias e industriais explican en parte a perda de peso da economía galega durante o século XIX e principios do XX, a marxización causada pola ausencia das vías de comunicación propias da época e dos investimentos con elas relacionadas púxolle o ramo á desfeita. O atraso impediu a presenza de industrias directamente relacionadas coa construción do ferrocarril e dificultou grandemente o acceso aos mercados, quer da produción téxtil, quer do gando vacún ou da pesca e a conserva de peixe.

41 Carmona Badía, Xan e Jordi Nadal Oller (2005): *Op. Cit.*

Neste escenario, a crise agraria do fin do século XIX que, seguindo a Fernández Prieto e Giráldez Rivero, desvalorizou as rendas en coincidencia coa presión do movemento agrarista e un proceso de redención dos gravames forais, sería fundamental na desaparición da fidalguía e mediante a batalla política de décadas na consolidación do dominio da terra polos agricultores.

Durante o primeiro terzo do século XX, co pulo recibido durante a Primeira Guerra Mundial ao abrigo da non belixerancia da monarquía española, a pesca tivo un notábel crecemento. A frota galega pasaría de dispor de pequenas embarcacións só preparadas para actividades costeiras estacionais a estar formada por vapores de altura que pescaban en caladoiros distantes e competían con vantaxe nos mercados ingleses, en coincidencia coa pesca da sardiña en augas portuguesas por un gran número de pequenos vapores e lanchas a motor. Capturando o 40% do peixe desembarcado nos portos do Estado, a industria da pesca chegou a contar con 58.000 empregos<sup>42</sup>.

Nos anos corenta, despois da trágica Guerra Civil, os saltos hidroeléctricos, construídos basicamente nos cursos do Miño e do Sil multiplicarían por moito unha potencia instalada dedicada a servir á economía española, función subordinada que proseguiría anos despois coa explotación da central térmica de Sabón (Fenosa), posta a andar en 1972, e das baseadas nos xacementos de lignitos das Pontes de García Rodríguez (Endesa) en 1976 e de Meirama (Fenosa) en 1980.

Entre as iniciativas industriais da posguerra salientaron o Grupo Zeltia, no sector químico-farmacéutico, fundado no Porriño en 1939, e o estaleiro de Ferrol da Empresa Nacional Bazán dedicado desde 1947 á construción de navíos militares e, até 1990, de grandes mercantes, herdando unha experiencia que viña do arsenal do século XVIII. A factoría de Hijos de J. Barreras de Vigo nacera en 1927. Fenosa (Fuerzas Eléctricas del Noroeste), con sede na Coruña, foi creada en 1943 (coa fusión en 1982 con Unión Eléctrica sería administrada desde a cidade madrileña, en 2005 pasou a mans da construtora ACS e en 2008 comprada pola catalá Gas Natural). Astano, fundada en 1944, situouse en Fene. En 2004 sería incluída, con Bazán, na compañía pública Navantia.

Logo da apertura económica ao exterior á que se viu obrigada a Ditadura, entre o final da década dos cincuenta e a primeira década do século XXI, coa mediación da Transición de 1975 e a entrada na CE de 1986, houbo luces, mais tamén sombras, dándose unha profunda transformación da estrutura económica de Galiza<sup>43</sup>.

42 Fernández Prieto, Lourenzo e Xesús Giráldez Rivero (1991): "Principios del siglo XX", en Ramón Villares (dir.), *Historia de Galicia*. Vigo: Faro de Vigo.

43 Nogueira Román, Camilo (1980): "Evolución histórica e estrutura sectorial da economía industrial", en Camilo Nogueira Román, Luis Soto Baño e Xan López Facal, *O poder industrial en Galicia*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia.

En todo o caso o comportamento das compañías públicas foi moi diferente, e moito peor, do practicado polas empresas de capital multinacional ou autóctono. As primeiras –Petroliber (Repsol), Inespal (Alcoa), Iberduero (Iberdrola), Ence ou Endesa–, procuraron apenas recursos materiais ou localizacións estratéxicas, sen desenvolveren os seus ciclos produtivos na terra que as acollera, nin investiren nela farturentos beneficios subtraídos. Ao seren privatizadas chegando a configuraren grupos de carácter transaccional, en Galiza persistiron no seu carácter de industrias de enclave.

A factoría automobilística de Citroën chegou a ser primeira en unidades producidas do Grupo PSA-Citroën en Europa e propiciaría o levantamento dunha complexa industria auxiliar que, diversificada con grande actividade exportadora cara a factorías doutras marcas, xerou máis empregos que a factoría principal de Balaídos.

Pescanova, deviría nunha compañía multinacional, dispoñendo de empresas filiais pesqueiras e transformadoras en diversos mares e países. Inditex, nada na Coruña con Zara como primeira marca, medrou desde a nada pola sabedoría dos promotores e do conxunto dos traballadores, negando tópicos sen fin interesados sobre onde deben establecerse as instalacións industriais. Hai pouco, preguntado nunha entrevista o presidente de honra de La Caixa sobre si para dirixir unha importante compañía había que estar en Madrid, podendo afirmar que a súa entidade demostraba o contrario, contestou: “mire a Inditex”. Con Zara e o resto das marcas e empresas do Grupo, presente en todos os continentes, ergueuse como a principal compañía mundial no campo da confección.

Dos folgos da sociedade galega dan fe así mesmo coa consolidación doutros Grupos, abertos ao mundo, como Televés, Finsa, Losan, Calvo, Jealsa, Coren, Lence, Tojeiro, Metalúrgica Galaica, Cortizo ou Estrella de Galicia, unións como a Cooperativa de Armadores de Vigo –o porto do Berbés é o primeiro do mundo no movemento de peixe para consumo humano–, a Asociación Cluster do Naval de Galiza, o Cluster da Automoción de Galicia, a Asociación Galega de Graniteiros, o Cluster da Madeira de Galicia, entidades como a Asociación de Empresas Galegas dedicadas a Internet e ás Novas Tecnoloxías, creando un consorcio para o comercio electrónico, o Centro Tecnolóxico de Telecomunicacións de Galicia (Gradient) ou a Unión de Empresas de Aeronáutica, entrando nos compoñentes desta industria. Do viño e as flores á enerxía eólica, da informática ás investigacións en medicina xenómica e nanomedicamentos, da acuicultura ao turismo, os sectores que enriquecen a economía do país son ben diversos.

Os estaleiros Bazán, Astano, Barreras, Vulcano, Factoría Naval de Marín, Freire, MetalShips & Docks, Armon ou Cardama coa súa industria auxiliar están entre os mellores instrumentos para o desenvolvemento da economía galega, tendo chegado a dispor do 53% da carga de traballo no Estado español. Conseguírono,

despois de alancar por riba dos obstáculos levantados desde medios da Administración madrileña, que durante anos teimaron no abandono da construción naval co absurdo argumento de constituír un sector sen futuro. Demostrando a capacidade para fabricar embarcacións moi diversas (barcos de pesca, petroleiros, quimiqueiros, navíos militares, ferries, Ro-Ro, buques offshore, cruceiros, de recreo e deportivos), contrataron en moi diferentes países. Carentes deica agora dun apoio firme do Goberno central e do Goberno autónomo, agora están obrigados a unha reorganización empresarial por causa das exixencias existentes na UE sobre as condicións de financiamento e, en particular, pola deficiencia de xestión evidenciada nalgúns das compañías. É preciso lembrar que no momento en que a UE limitou as axudas a fondo perdido aos estaleiros de propiedade pública, o sacrificado arbitrariamente polo Goberno español foi Astano.

A pesca e a agricultura están aínda a recuperárense da postergación padecida na negociación da entrada na Comunidade Europea. Nin o Goberno do Estado, nin o Goberno autónomo defenderan a frota galega en augas comunitarias, malia ter unha potencia neses mares que viña de antes do alargamento a dúascentas millas da soberanía económica dos Estados afectados do Norte. Tampouco defenderon os intereses de Galiza na produción láctea e na aplicación do sistema de cotas, impedíndose un período de crecemento, como era totalmente posíbel, até atinxir un rendemento por unidade vacúa similar aos dos demais países. A discriminación obrigou a realizar a transformación das explotacións gandeiras a costa dunha dramática diminución do seu número. O facto de a industria galega (Feiraco, Leyma, Leite Río, Larsa, Lactalis, Clesa...) non comercializar máis que unha parte reducida da produción, o fracaso dos intentos de configurar un grupo industrial propio e a discriminación no prezo pagado aos campesiños por litro de leite son debedores daquelas circunstancias políticas.

Por riba, como fixeran no final do século XIX e na primeira metade do XX, os gobernantes estatais adiaron culposamente a Galiza na implementación das novas autoestradas e do camiño de ferro de alta velocidade e na potenciación dos sistemas portuario e aeroportuario.

Malia todo –arremedando a expresión de Joám Carmona e Jordi Nadal cando se referían ao final do século XVIII–, no principio do século XXI Galiza non era un deserto económico. Reflectindo esa realidade, a economía galega exportaba un terzo do producido. En proporción á poboación e con datos de 2007 –realidade que apenas mudou coa a crise– na exportación de bens só tiña por riba a Cataluña, Navarra e Euskadi, ficando moi por debaixo a Comunidade Autónoma madrileña. Estaría aínda máis abaixo senón fose que, retratando elementos perversos da centralización do Estado español, a exportación de enerxía eléctrica a Portugal procedente de Galiza foi atribuída á capital do Manzanares, por causa de as compañías que explotan ese recurso galego teren alí o domicilio social. No

mesmo ano, o desemprego galego estaba no 7,57% da poboación activa, nun nivel máis baixo que a media estatal, 7,95%, e pouco por cima da media da UE, 7%<sup>44</sup>.

A partir de 2008 a sociedade galega viuse mergullada na crise económico-financeira. Fillá da rapina do capitalismo neoliberal e o fundamentalismo de mercado, desde EEUU a crise alcanzou aos Estados da UE, de maneira máis grave ao Estado español e con el Galiza, pondo ao descuberto as falcaturadas dos gobernantes que promoveron a especulación inmobiliaria mediante un endebedamento masivo. A drástica queda da construción, o recorte xeneralizado dos investimentos públicos, os brutais ataques aos servizos públicos universais e a dura redución dos salarios, provocaron un desemprego que en Galiza co 21% case duplica a media comunitaria e no Estado español o 26% dos activos atinxe unha cifra aínda máis cruel, chegando o desemprego entre os xoves a un 56% arrasador da vida.

Ao longo do século XX a sociedade tomou un carácter progresivamente urbano. A poboación activa do sector primario, que en 1900 ocupaba ao 86% dos activos, baixou ao 68% en 1960; non agrupaba máis do 15% nos anos noventa e o 8% do total dos activos no principio do XXI. No final deste longo percorrido o sector industrial galego ocupaba o 17%, cifra máis alta que a media estatal e semellante á propia dos países europeos industrializados, completando o resto a construción e sobre todo os servizos públicos e privados.

#### ACERCA DAS LOITAS SOCIAIS

Nese contexto político e económico, mirando as mudanzas habidas na sociedade galega hai que resaltar o sucedido no mundo rural, desde a crise agraria do final do século XIX até a conquista da propiedade da terra polo campesiñado na terceira década do XX e a configuración do sindicalismo operario nun proceso que, iniciado ao fío da aparición das organizacións reivindicativas e as Internacionais no dezanove, madureceu no último terzo do XX.

Enrique Hervés Sayar<sup>45</sup> salienta a “extraordinaria difusión do societarismo campesiño no primeiro terzo do século XX e a diversidade de proxectos políticos-sociais que participaron na súa xénese”. Supuxeron “a aparición da mobilización política de masas e a incorporación do esmagadoramente maioritario campesiñado a proxectos globais que transcendían a problemática rural máis inmediata”. A formación dos primeiros núcleos agraristas amañeceu nos anos 1890-1907, nun contexto europeo marcado pola revolución dos transportes e das importacións, con manifestacións reivindicativas e asociativas en todo o continente. A

44 Nogueira Román, Camilo (2008): *Galiza na Unión. A porta atlántica*. Vigo: Editorial Galaxia.

45 Hervés Sayar, Enrique (1991): “El movimiento agrarista”, en Ramón Villares (dir.), *Historia de Galicia*. Vigo: Faro de Vigo.

aplicación da Lei de Asociacións en 1886 e a implantación do sufraxio universal en 1890 contribuíran a darlle ao campesiñado unha importancia social e política saliente. O asociacionismo estivera presente en Galiza coas mutuas agrarias, cos seguros de gando, que respondían á “importancia crecente” da produción gandeira na economía rural. As cámaras aparecidas a partir de 1896 serviron para a incorporación á mobilización agrarista de personalidades salientes, entre delas algunha que habería de ter unha importancia sobranceira no galeguismo.

Motor principal na mobilización agrarista, a campaña antiforista principiou en 1900 por obra da sociedade de agricultores de Teis, recabando o apoio das sociedades campesiñas e aínda das obreiras. Impulsadas polos republicanos e socialistas da vila de Pontevedra, as sociedades de agricultores difundíronse polo concello de Lavadores, Vigo, Tui, Porriño, Pontecaldelas, Ponteareas, constituíndose en 1903 a primeira Federación Agrícola Provincial, e tamén por concellos como Betanzos, Chantada, Vilariño e Velle. Todo este movemento ameazou as posicións caciquís e as católicas conservadoras, que responderon coa represión ou a batalla ideolóxica contra o socialismo, nun confronto que deu lugar a unha primeira crise do agrarismo. O asociacionismo consolidárase a partir de 1907, centrándose “nos problemas da organización da produción agraria, os sistemas de propiedade da terra e a súa posíbel transformación”.

O período 1912-1923 correspondería á diferenciación e consolidación dos diferentes movementos agraristas. En 1916, comezou en Pontevedra a xeneralización do impago dos foros, nun movemento abolicionista que continuou entre 1919 e 1922 en Arousa, Vigo, Lavadores e Baixo Miño, Ourense e o Ribeiro, en Monforte e Chantada e as áreas da Coruña. No Congreso Regional Agrario de Tui de 1922, da Confederación Regional de Agricultores Gallegos, con asistencia de delegados que representaban a 60.000 asociados, decidiuse non pagar os foros.

Neste clima, o 27 de novembro dese ano, presentados un xuíz e a Garda Civil en Sobredo, no Concello de Salceda de Caselas, para embargarlle os bens a un veciño que non pagaba os foros, e defendido este por miles de persoas que o protexían solidariamente, os xendarmes disolveron a manifestación a tiros, asasinando a tres persoas: Cándida Rodríguez, Joaquín Estévez e Venancio González. Chegada a Segunda República, por iniciativa das sociedades agrarias de Lavadores foi levantado alí un monumento en lembranza dos asasinados. O monumento, realizado polo escultor Camilo Nogueira, sería derrubado polos franquistas no comezo da Guerra Civil. Despois da Ditadura foi restituído, respectando as pedras, por iniciativa das asociacións de veciños herdeiras dos postulados do agrarismo.

Os emigrantes en América e Portugal, principalmente na segunda década do século e a través das sociedades de residentes, contribuíron á existencia de

“escolas, edificios sociais, bibliotecas, periódicos, campañas de propaganda”. En coincidencia “co estalido abolicionista e os maiores avances na articulación do movemento agrarista” impulsaron a súa acción desde organizacións como a “Federación de Sociedades Agrarias e Culturais Galegas” de Buenos Aires, constituída en 1921. Houbo que agardar ao Decreto redencionista de 1926, para o foro ter unha normativa legal á que se acoller, “pagando como promedio vinte veces a renda anual redimida”.

As sociedades agrícolas e os sindicatos agrarios serían carne de represión na Guerra Civil e durante a Ditadura franquista. Nos anos finais deste réxime agroriarían as Comisións Labregas, despois Sindicato Labrego Galego.

No concernente á clase operaria, en Galiza comezou a ter un peso notábel a partir da segunda metade do século XIX, ao fío do morno proceso industrializador encetado na década dos oitenta, en coincidencia co tardío comezo da comunicación por camiño de ferro co resto da Península. Tratando da emerxencia e a evolución do movemento obreiro en Galiza e no Estado español, Gerard Brey<sup>46</sup> pon primeiro o acento na disolución oficial dos gremios ordenada en 1834 que daría pé a unha evolución das organizacións dos traballadores, nadas como sociedades de socorro mutuo e cooperativas a sindicatos reivindicativos. Dá conta da constitución en Barcelona da Federación Rexional Española da Primeira Internacional en 1870, sendo a partir de 1881 establecida a liberdade de asociación, cando coa creación da Federación Rexional xurdiron organizacións operarias autónomas en Vigo, Pontevedra, A Coruña, Ferrol e Ourense. Brey relaciona a organización dos traballadores co proceso de desenvolvemento económico desa década baseado na “comercialización de determinados produtos agrícolas, a vinculación dos portos á rede ferroviaria nacional, a intensificación das migracións cara a ou desde América e os inicios da industria conserveira e conseguinte modernización de parte da industria pesqueira que estimularon a economía local de Vigo e A Coruña (...)” principiando a efectuarse obras portuarias e urbanas, nunha circunstancia que motivou o crecemento das reivindicacións obreiras, en concreto a referente ás oito horas diarias de traballo, con presenza de organizacións anarcosindicalistas e socialistas. A UXT sería creada en 1888. En 1891 nacería a primeira agrupación socialista en Galiza, despois dunha folga nos estaleiros de Esteiro en Ferrol, unha decisión que sería asegundada polas agrupacións da Coruña nese mesmo ano, e como resultado das visitas de Pablo Iglesias as de Vigo en 1894 e Pontevedra e Ourense en 1896.

Fracasada en 1891 na Coruña unha folga en prol das oito horas de traballo e despois de dedicar anos á axitación ideolóxica, os anarquistas voltaron traballar nas

46 Brey, Gerard (1991): “El movimiento obrero”, en Ramón Villares (dir.), *Historia de Galicia*. Vigo: Faro de Vigo.

sociedades obreiras. Como resultado participan nos conflitos da Coruña, constitúen en Vigo un Centro de Sociedades Obreiras e despois de establecerse a CNT en Barcelona en 1910 constituíuse a Federación Solidariedade Obreira Galega, nunha acción que non prosperaría como organización independente. Convocada en 1911 pola CNT, e obrigada a entrar na clandestinidade, a organización reorganizárase en 1915, con base en Ferrol. Convocada por UXT e CNT, en 1916 rebentaría unha folga estatal contra a carestía da vida na que participaron miles de traballadores galegos. No ano da revolución rusa, en 1917, tivo lugar unha folga xeral, con efectos en practicamente todas as cidades galegas. A partir de aí, nun clima de grande axitación, incrementárase a afiliación á CNT e á UXT.

Na Ditadura de Primo de Rivera os anarquistas galegos intentaron en principio manterse organizados na legalidade, mais foron obrigados a mudar de actitude pola represión sufrida, en tanto que a UXT, como ocorreu no conxunto do Estado, tomou parte nos organismos da Ditadura, aínda que sen poder exercer a acción propia de antes do golpe de 1923. Sobre a Segunda República, Marcos Valcárcel<sup>47</sup> dá conta da presenza maioritaria da UXT e a Federación Nacional de Traballadores da Terra e da acción da CNT.

É de notar que con Ricardo Mella<sup>48</sup> e Pablo Iglesias, o primeiro pensador e activista intelectual e o segundo fundando e presidindo organizacións, foron galegos os dous principais dirixentes do movemento operario.

Ricardo Mella, a figura principal do anarquismo no Estado, foi partidario da República Federal, impulsou a revolución social anarquista e tratou dos problemas de Galiza, en particular o da emigración. Nacido en Vigo (1861-1925), fillo dun republicano federal, entrou desde moi novo no Partido Republicano Democrático Federal. Comezou a traballar nunha axencia marítima dunha cidade na que se producira unha expansión portuaria e mercantil, en parte a causa do tráfico de emigrantes cara a América. Colaborou en *La Verdad*, periódico do sector do republicanismo que atendía á loita do proletariado de Galiza. Con vinte anos participou no congreso sindical de Barcelona de 1881 que constituíu a Federación de Traballadores da Rexión Española (FTRE)<sup>49</sup>. Condenado ao desterro por mor dunha denuncia sobre un presunto desfalco no Banco de España do político da Restauración monárquica José Elduayen, coincidiu en Madrid co editor da *Revista Social*, Juan Serrano Oteiza, o pai de Elena Serrano, que sería a súa esposa e coa que tería doce fillos. Co traballo nesa revista decidiuse polo anarquismo. Tendo feito estudos de topografía e gañado unha oposición, exerceu a súa profesión

47 Valcárcel, Marcos (1991): “La Segunda República”, en Ramón Villares (dir.), *Historia de Galicia*. Vigo: Faro de Vigo.

48 Cano Ruiz, Benjamín (1979): *El pensamiento de Ricardo Mella*. México: Editores Mexicanos. S.A.

49 Barreiro Fernández, Xosé Ramón (1981): *Op. Cit.*



en Andalucía, contactando con libertarios que se opunhan ao latifundismo. En Sevilla fundou diversos xornais, entre eles *La Solidaridad* en 1888. Nos Certames Socialistas de Reus (1885) e de Barcelona (1889), presentou traballos sobre o comunismo e colectivismo, a anarquía ou a nova utopía e sobre *El problema de la emigración en Galicia*. En 1895 regresou a Vigo e dous anos despois trasladouse a Pontevedra. Desde aí foi redactor na *Unión Republicana*, emprendendo a tarefa de estender o anarquismo entre o campesiñado galego. En 1890 levou ao Congreso Revolucionario Internacional de París, a memoria *La cooperación libre y los sistemas de comunidad*.

Colaborou en xornais de Madrid, Nova York, Barcelona e Buenos Aires, escribiu libros e ensaios editados en Barcelona, Brooklyn, Vigo e Madrid. Coñecedor de idiomas estranxeiros, traduciu os libros *Dios y el Estado* de Bakunin, *La Anarquía* de Errico Malatesta, e *La ciencia moderna y el anarquismo* de Piotr Kropotkin. Algúns dos seus escritos recibiron premios internacionais e foron vertidos ao italiano, holandés, portugués, inglés e francés. O carácter do sindicalismo revolucionario da CNT de principios do século XX procedía das súas teses<sup>50</sup>. Mella rexeitaba a violencia.

Ricardo Mella pasara a traballar en Asturias onde fundou o xornal *Acción Libertaria*. Volto á cidade viguesa participou na construción da rede de tranvías eléctricos e sería nomeado director da compañía que a gobernaba. Até 1925, cando faleceu, dedicouse á súa profesión, aínda que en 1911 acudiría en representación de Asturias ao primeiro congreso da Confederación Nacional do Traballo. No seu enterro no cemiterio de Pereiró recibiu unha extraordinaria demostración de recoñecemento.

O seu contemporáneo Pablo Iglesias, nacido en Ferrol en 1850 e desaparecido na cidade madrileña, tamén en 1925, foi o fundador do PSOE e da UXT. Sendo a súa nai Juana Posse, o seu pai Pedro de la Iglesia era empregado do Concello de Ferrol. Falecido o pai, nai e fillo emprenderon a pé o camiño de Madrid cara a casa dun familiar, encontrándose con que acababa de morrer. Crecido con grandes dificultades, coa súa nai traballando como asistente, fixo os estudos primarios e tipográficos. Traballou en imprentas da cidade, ingresando na sección de tipógrafos da Federación Madrileña da Internacional. En 1874 foi elixido como presidente da Asociación Xeral da Arte de Imprimir. En 1879 fundou o PSOE e en 1888 a Unión Xeral de Traballadores. Nese período asistiu ao Congreso Fundacional da Segunda Internacional como representante do PSOE. En 1890 encabezou a primeira manifestación do 1 de maio no Estado, que exixía a xornada laboral de oito horas e o cesamento do emprego de nenos en actividades laborais.

50 Cano Ruiz, Benjamín (1979): *Op. Cit.*

No mesmo ano celebrouse o II Congreso do PSOE, no que se decidiu participar nas eleccións como partido republicano e obreiro-socialista. En 1909 sería detido en relación cos sucesos da Semana Tráxica de Barcelona, ao asinar un manifesto convocando a folga xeral. En 1910 foi elixido como o primeiro deputado do PSOE na historia das Cortes.

Seguindo a Emilio Garrido<sup>51</sup>, a partir de 1892 Pablo Iglesias estivo oito veces nas principais cidades de Galiza, difundindo os seus proxectos en contacto con traballadores e dirixentes políticos. Faleceu tamén en 1925, en Madrid, onde foi despedido por unha manifestación de 150.000 persoas.

Coa Guerra Civil, tendo a sociedade galega sufrido unha terrible represión política, asasinadas ou reprimidas cruelmente miles de persoas, entre elas os alcaldes galeguistas e da esquerda, das cidades e de moitas vilas, tal como aconteceu no resto do territorio, Juana Capdevielle, Alexandre Bóveda e Heraclio Botana poden representar ao conxunto dos asasinados en Galiza. Nese período o sindicalismo obreiro axiu como oposición política. Na acción político-sindical galega as folgas de 1972 tiveron unha importancia singular. Comezadas en Ferrol en marzo, na represión dunha manifestación reivindicativa a policía franquista asasinou a Amador Rey e Daniel Niebla. A folga xeral de setembro do 72, con un seguimento excepcional, partiría de Vigo. As loitas operarias dese ano en Galiza salientan entre as protagonizadas polos traballadores na Ditadura.

Cunha presenza que viña dos anos sesenta, a caída da Ditadura en 1975 posibilitou a recuperación da UXT e a creación de Comisións Obreiras, e trouxo tamén o afortalamento dos grupos sindicais nacionalistas que, nados durante o franquismo, confluirían na Confederación Intersindical Galega. A Confederación, unha excepción que só tería igual en Euskadi, conseguiría estar en todo o país con un alto nivel de representación, maioritario en grandes empresas e nos servizos públicos fundamentais. Con esas organizacións e outras sectoriais de igual carácter, a capacidade reivindicativa e de mobilización social dos traballadores galegos encabezou pola súa forza e intensidade relativa o sucedido no territorio estatal.

## A RESISTENCIA DA LINGUA GALEGA

A lingua galega, malia ser a da esmagadora maioría da poboación, tampouco dispuxo nos dous últimos séculos contemporáneos da forza e do abeiro institucional precisos para converterse de contado, xunto coa defensa dos intereses sociais e económicos propios, nunha póla básica da reivindicación do autogoberno nacional. Porén, estando ausente durante séculos de todas as funcións administrativas,

51 Garrido, Emilio (2011): *As viaxes de Pablo Iglesias por Galicia*. Santiago de Compostela: Fundación Luís Tilve.

educativas ou do culto relixioso, o galego foi gardado polo pobo, especialmente como a lingua da cultura agraria, mariñeira e artesá.

Na tradición histórica e cultural que serviu de base á reivindicación de Galiza como nación política a lingua foi o baseamento da resistencia. Se desde o século XIX o propósito de estruturar un Estado concibido como nación centralizada e uniformada tivo como un dos elementos básicos a negación e mesmo o desprezo ignorante e culposo do galego, a batalla dada polos galeguistas en favor da lingua propia no século foi exemplar: deberon encararse co negador poder da monarquía absolutista e da Ditadura franquista e tamén cos partidos políticos e as institucións de ámbito estatal e, particularmente, coa práctica lingüística do exército e a da Igrexa presentes en todo o territorio.

O galego, falado pola práctica totalidade da poboación, a diferenza doutras linguas europeas que nos séculos XIX e XX serviron de fundamento a movementos nacionais, non era o idioma dun pobo sen tradición administrativa ou literaria. Fora estruturado como norma culta no Reino de Galiza sendo hexemónico nos reinos medievais do centro e do occidente peninsular en correspondencia co seu carácter de principal reino cristián na Península ante a España musulmá. A lingua que se fala en varios continentes fixérase culta nas institucións de Compostela, moitos anos antes de o castelán atinxir tal condición. Sen a existencia e a hexemonía do Reino durante séculos da Idade Media resulta imposible comprender a extensión do galego, a súa permanencia en Galiza e a súa expansión posterior desde Portugal. Como se ten escrito, se Portugal prescindise dos cancioneiros e trobadores galegos, e tamén da prosa galega, os seus primeiros séculos como país independente ficarían orfos de cultura e de lingua. No século XIII, durante o reinado de Afonso X, o latín pasou a ser substituído polo castelán, mais no Reino de Galiza a transferencia fíxose cara ao galego, tal como no Portugal do rei D. Dinis, mantendo unha norma ortográfica basicamente igual. Porén, no comezo da Idade Moderna foi excluído do poder, manténdose acariñado como lingua do pobo. Nin o galego esmoreceu, nin o castelán entrou en Galiza por hexemonía cultural, senón pola forza coercitiva da monarquía absolutista. Con todo, na evolución como lingua falada, o galego seguiu un camiño parello ao do galego-portugués usado pola xente en Portugal e polas antigas colonias de ultramar.

A identidade entre o galego e o portugués foi inequivocamente defendida polo galeguismo histórico, e particularmente por figuras sobranceiras como Manuel Murguía e Daniel Castelao ou Valentín Paz-Andrade. Hoxe non hai dificultades insalvábais nin obstáculos obxectivos que impediren encetar un proceso de converxencia entre ambas as normas escritas, sen prexuízo da permanencia das diferenzas léxicas, prosódicas e fonéticas propias, do mesmo xeito que se manteñen as específicas de países como Portugal, Brasil, Angola e os demais países da lingua troncal. Nesa condición o galego xa foi utilizado nos debates do Parlamento

Europeo, en tanto que, malia a súa condición de lingua propia e oficial, é abaixado desde institucións autonómicas e prohibido no Congreso e no Senado do Estado español. Con todo, contra vento e maré o idioma galego, patrimonio da maioría da poboación, anda para a fronte como lingua nacional de Galiza.

#### A EMERXENCIA DA REIVINDICACIÓN NACIONAL

A evolución do movemento nacional galego desde a súa emerxencia no século XIX<sup>52</sup> ocorreu nun contexto institucional no que foron excepciónais as ocasións nas que as organizacións das nacións internas puideron participar no sistema político. Durante a maior parte dos últimos dous séculos a vida política estivo afe-rollada por unha monarquía caciquil e mais por dúas Ditaduras, coas parénteses do Sexenio Democrático (1868-1874) e da Segunda República. De tal maneira, contando coas experiencias dos ilustrados e do levantamento contra as tropas de Napoleón, a estruturación política da aspiración nacional galega tivo momentos de avance e etapas de parálise ou retroceso. Manifestouse primeiro na década dos corenta do XIX contra a eliminación da Xunta do Reino de Galiza e o establecemento de provincias sen relacións entre elas: Pontevedra con Ourense como con Almería, ligadas directamente a Madrid. O nacionalismo reivindicou a historia propia fronte á negación pola ideoloxía española e reclamou a normalización do uso da lingua galega, coa figura singular de Rosalía de Castro. Combateu a marxinação económica e social, en especial fronte a unha desamortización que mantivo a escravitude do campesiñado e contra a postergación na construción do ferrocarril, e denunciou a emigración forzada desde o Estado español. Apoiou posicións progresistas como as do Sexenio Democrático e estivo nas reivindicacións agraristas da primeira parte do século XX. Madurou coa creación das Irmandades da Fala no final da Primeira Guerra Mundial, alentado polo recoñecemento das nacionalidades europeas e o dereito de autodeterminación. Coa conquista da Segunda República foi posíbel a existencia do Partido Galeguista. Aliado coa Frente Popular, o PG chegou ao Congreso dos Deputados e impulsou o Estatuto de Autonomía, conseguíndose así a aprobación no plebiscito celebrado tres semanas antes do levantamento dun xeneral fascista de orixe galega contra un Goberno presidido por un demócrata e republicano galego.

Despois da Guerra Civil, con Daniel Castelao encabezando o Consello de Galiza formado cos deputados galeguistas do exilio, un grupo de militantes do interior encetaron a recomposición do Partido Galeguista, afirmándose nacionalistas e reclamando a República Federal. Sustentando estes, Castelao participou

52 Beramendi, Justo (2007): *De provincia a nación. Historia do galeguismo político*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia.

no Goberno republicano entre 1946 e 1947. Mais, despois da Segunda Guerra Mundial e no contexto da Guerra Fría<sup>53</sup> e tendo apoiado EEUU e a Gran Bretaña a continuidade do réxime franquista, os militantes do interior coidaron inviábel a recuperación da República e acabarían disolvendo o PG. Recuaron cara a un galeguismo non nacionalista nas formulacións teóricas, fuxindo da cualificación de Galiza como nación. Desde esta posición, dedicados a un traballo de recuperación cultural, procuraban adaptarse a unha hipotética transición cara a unha solución non republicana despois do franquismo. Castelao falecera en Arxentina en 1950.

As novas organizacións políticas, culturais e sindicais nacionalistas naceron nos anos sesenta en coincidencia coa configuración no conxunto do Estado dunha nova oposición á Ditadura. Recolleron a herdanza do Partido Galeguista dando expresión a correntes que respondían ás circunstancias que se vivían. Xurdidas no ámbito da esquerda, no seu seo diverxeron dúas liñas básicas. Unha tomou como referencia os movementos anticoloniais da época, configurándose como unha fronte nacional popular coa pretensión de integrar as diferentes organizacións políticas e clases sociais defensoras dos intereses nacionais. A outra tendencia nacionalista afirmouse no ámbito da esquerda democrática, considerando fóra de tempo a división entre socialistas e comunistas e tendo como horizonte a hexemonía democrática. Reivindicando as dúas o dereito de autodeterminación.

Morto o ditador en 1975, contra o que pasou coas institucións de Cataluña e o País Vasco mantidas no exilio, en Galiza no momento da Transición faltaron o Partido Galeguista republicano e o Consello de Galiza. Após fortes mobilizacións populares a Constitución de 1978 acabou por ter que recoñecer a existencia do Estatuto de Autonomía da Segunda República, posibilitándose así a consideración de Galiza como nacionalidade histórica. O Estatuto permitiu a creación dun espazo político específico de Galiza e a acción das organizacións políticas nacionalistas.

Sen seren remediadas as diverxencias estratéxicas iniciais, as forzas que emerxeran nos anos sesenta fronte á Ditadura, e malia as diferenzas sobre a forma de acometer as circunstancias da Transición, acabaron traballando no Parlamento de Galiza, contribuíndo a establecer liñas básicas do proxecto nacional, gobernaron parte dos municipios, incluídas as grandes cidades, conseguiron representación nas Cortes estatais e no Parlamento Europeo. Foron quen de “formular os seus obxectivos políticos con referencia á súa estatalidade orixinal” a pesar de que o “estado medieval fora totalmente destruído e a realidade

53 Hobsbawm Eric (1994): *The Age of Extremes: The Short Twentieth Century, 1914 -1991*. London: Michael Joseph.

da estatalidade interrompida durante séculos”<sup>54</sup>. Porén, está pendente a construción dun proxecto para a emancipación nacional e social de Galiza desde as circunstancias actuais e coa configuración das organizacións políticas precisas para conseguir a hexemonía política, procurando o apoio ineludíbel da maioría da sociedade. O desafío do presente é o de alargar o autogoberno a través da autodeterminación, dispoñendo dun Estado propio na Europa sen fronteiras, desde a realidade de Galiza como unha nación no mundo.

## UNHA HERDANZA A LIQUIDAR

A marxinação dos intereses da sociedade galega provocara vagas migratorias inducidas polo poder estatal. Foron dirixidas cara a América desde os anos corenta do século XIX até a segunda década do XX. Despois da paréntese da crise de 1929, a Guerra Civil e a Segunda Guerra Mundial, a emigración tivo como destino a Península e Europa<sup>55</sup>, manténdose aínda a principios do XXI.

A marxinação e a emigración determinaron a crise demográfica dos últimos séculos. En 1787, cando se achegaba o tempo contemporáneo, os 1.340.000 habitantes de Galiza supuñan o 14% dos 9.400.000 que vivían baixo a monarquía Borbón na Península e nas Illas<sup>56</sup>. Despois da postergación económica e social do século XIX e da consecuente saída para América, os 1.800.000 habitantes de 1900 aínda representaban o 11% do total. A principios do século XXI, con 2.800.000 persoas a poboación galega supón o 6,13% dos 45.000.000 residentes no territorio estatal. Os avatares dos dous últimos séculos permitiron o crecemento da poboación estatal e de determinados territorios, mais tronzaron brutalmente as posibilidades dunha demografía galega que no principio era de maior densidade territorial. Se cando remataba o século XVIII a capital madrileña non reunía máis que o 2% dos habitantes, agora –como comunidade autónoma– concentrando as rendas e os instrumentos económicos e políticos do poder presume do 14,1%, a proporción que definía a poboación de Galiza hai dous séculos.

En 1970, tratando do carácter da capital do Escorial, Valentín Paz-Andrade afirmaba que en Galiza aínda goteaba o fluxo sedimentario que procedendo de Madrid consolidara desequilibrios e renuncias, de maneira que o arrastre da acumulación aínda estaba aí, “obstruíndo os horizontes”. Para el esa realidade constituía “unha herdanza a liquidar”, en especial “nesta hora do mundo, cando tantas artificiosas concepcións se deterioran e tantas mal formadas situacións están entrando en tronso de revisión”. Así, hai catro décadas.

54 Hroch, Miroslav (1994): “An alternative Vision”, en Ernest Gellner, *Encounters with Nationalism*. Oxford: Blackwell. 1994.

Hroch, Miroslav (1995): “National Self-Determination from a Historical Perspective”, en Periwal Sukumar (ed.): *Notions of Nationalism*. Budapest: Central European University Press.

55 Nogueira Román, Camilo (1977): *Población y desarrollo económico en Galicia*. Santiago de Compostela: Sodiga.

56 Anes, Gonzalo (1994): “El siglo de las luces”, en Miguel Artola (dir.): *Historia de España*. Madrid: Alianza Editorial.